

ANUNCIO

Convocatoria pública para o proceso selectivo do persoal directivo, docente e administrativo de apoio para o “Obradoiro de Emprego Cerceda- Tordoia- Trazo III”

Polo Decreto da Alcaldía- Presidencia núm. 777/2021 de 24 de setembro, aprobouse a convocatoria pública, para a selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio para o “Obradoiro de emprego Cerceda- Tordoia- Trazo III”, cuxo texto se reproduce.

O prazo de presentación de instancias comeza o día seguinte da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

“Convocatoria pública para o proceso selectivo do persoal directivo, docente e administrativo de apoio para o “Obradoiro de Emprego Cerceda- Tordoia- Trazo III”

Entidade:

Concello de Cerceda

Denominación do proxecto:

Obradoiro de emprego Cerceda- Tordoia- Trazo III

Obxecto da convocatoria:

Proceso selectivo persoal directivo, docente e administrativo de apoio para o proxecto “Obradoiro de Emprego Cerceda- Tordoia- Trazo III”.

Denominación da prazas convocadas:

- Un/unha director/ (xornada completa)
- Un/unha monitor/a para a especialidade ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES (xornada completa)
- Un/unha monitor/a para a especialidade MONTAXE E REPARACIÓN DE SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS (xornada completa)
- Un/unha administrativo (xornada completa)
- Un/unha titor/a (xornada parcial)

Requisitos que deben cumprir os candidatos:

Posto de director/a:

- Posuír unha das seguintes titulacións:

Título universitario de enxeñería forestal, ciencias ambientais ou titulación universitaria relacionada coa especialidade forestal.



Concello de
Cerceda



Concello de
Tordoia



Concello de
Trazo

Título universitario de enxeñaría informática ou titulación universitaria relacionada coa especialidade informática.

Título universitario de psicoloxía, dereito, administración de empresas, ciencias económicas e relación laborais ou titulación universitaria relacionada cos recursos humanos.

- Permiso de conducir B.

Posto de monitor/a para a especialidade de Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes:

- Nivel académico: O establecido polo RD 682/2011, de 13 de maio, que recolle as características do certificado de profesionalidade da especialidade de “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes”.
- Experiencia profesional: A establecida polo RD 682/2011, de 13 de maio, que recolle as características do certificado de profesionalidade da especialidade de “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes”.
- Experiencia e/ou formación en metodoloxía didáctica.
- Permiso de conducir B.

Posto de monitor/a para a especialidade de Montaxe e reparación de sistemas microinformáticos:

- Nivel académico: O establecido polo RD 686/2011, de 13 de maio, que recolle as características do certificado de profesionalidade “Montaxe e reparación de sistemas microinformáticos”.
- Experiencia profesional: A establecida polo RD 686/2011, de 13 de maio, que recolle as características do certificado de profesionalidade “Montaxe e reparación de sistemas microinformáticos”.
- Experiencia e/ou formación en metodoloxía didáctica.
- Permiso de conducir B.

Posto de titor/a:

- Nivel académico: Titulación universitaria de grao, diplomatura, licenciatura ou equivalente relacionadas coa docencia.
- Experiencia profesional: experiencia mínima de 3 meses por conta allea en tarefas de titoría e/ou docencia (grupos de cotización 1, 2 e 3).
- Permiso de conducir B.



Concello de
Cerceda



Concello de
Tordoia



Concello de
Trazo

Posto de auxiliar técnico/a administrativo:

- Nivel académico: titulación de técnico en xestión administrativa ou técnico superior en administración e finanzas ou titulacións universitarias en ciencias económicas, empresariais ou relación laborais.

Características das contratacións:

Posto de director/a:

Tipo de contrato: por obra ou servizo para a execución do “Obradoiro de Emprego Cerceda Tordoia Trazo III”.

A xornada: 40 horas semanais.

Duración do proxecto: 9 meses.

Horario: de 7:00 a 15:00, de luns a venres.

Posto de monitor/a para a especialidade de Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes:

Tipo de contrato: por obra ou servizo para a execución do “Obradoiro de emprego Cerceda-Tordoia-Trazo III”.

A xornada é a tempo completo: 40 horas semanais.

Duración do proxecto: 9 meses

Horario: de 7:00 a 15:00 de luns a venres.

Posto de monitor/a para a especialidade de Montaxe e reparación de sistemas microinformáticos:

Tipo de contrato: por obra ou servizo para a execución do “Obradoiro de emprego Cerceda-Tordoia-Trazo III.

A xornada é a tempo completo: 40 horas semanais.

Duración do proxecto: 9 meses

Horario: de 7:00 a 15:00 de luns a venres.

Posto de titor/a:

Tipo de contrato: por obra ou servizo para a execución do “Obradoiro de emprego Cerceda-Tordoia- Trazo III”.

A xornada é a tempo parcial, 20 horas semanais.

Duración do proxecto: 9 meses.

Horario (proposta inicial): de 7:00 a 11:00, de luns a venres.

Posto de auxiliar técnico/a administrativo:

Tipo de contrato: por obra ou servizo para a execución do “Obradoiro de Emprego Cerceda-Tordoia- Trazo III”.

A xornada é a tempo completo, 40 horas semanais.

Duración do proxecto: 9 meses.

Horario: de 7:00 a 15:00, de luns a venres.

Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes:

As solicitudes presentaranse, no Rexistro Xeral do Concello de Cerceda ou en calquera outro dos rexistros establecidos no Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante os cinco días hábiles seguintes á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. No caso de presentarse a documentación nun rexistro diferente ao do concello deberá remitirse a totalidade da documentación presentada escaneada do devandito rexistro ao correo do concello rexistro@cerceda.es

Coa solicitude debe acompañarse a seguinte documentación:

1. Copia do DNI
2. Copia da titulación académica esixida para cada posto.
3. Copia da documentación acreditativa da experiencia laboral esixa para cada posto.
4. Copia da documentación acreditativa da experiencia ou formación e metodoloxía didáctica.
5. Copia da licenza de condución B1, nos casos no que sexa requisito.
6. Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos dos mesmos.

A documentación presentarase de acordo coas Bases para a selección do alumnado traballador e persoal directivo, docente e administrativo de apoio para o proxecto de Obradoiro de emprego Cerceda, Tordoia, Trazo, aprobadas polo Decreto da Alcaldía 766/2021, de 22 de setembro.

Expirado o prazo de presentación de instancias, dictarase resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as. A resolución publicarase no taboleiro da sede electrónica e na páxina web dos concellos de Cerceda, Tordoia e Trazo, indicándose o nome, apelidos e DNI dos admitidos/as e excluídos/as, coas causas de exclusión, e concedendo un prazo de dous (2) días hábiles para a subsanación da documentación necesaria para participar no proceso. No caso de que non existan aspirantes excluídos/as, a lista de admitidos/as quedará aprobada definitivamente sen abrir prazo de subsanación de documentación.



Concello de
Cerceda



Concello de
Tordoia



Concello de
Trazo

Só se serán en conta para a fase de concurso os méritos aportados dentro do prazo de presentación de solicitudes, non tomándose en consideración aso que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo.

As reclamacións serán resolta polo Grupo de Traballo ou Comisión de selección.

Sistema selectivo:

O procedemento de selección constará de dúas fases: fase de oposición e fase de méritos

Fase de oposición:

Exercicio ou proba escrita tipo test.

A proba consistirá na exame tipo test.

Ata un máximo de 60 puntos nos postos de director/a e auxiliar técnico administrativo/a e de 70 puntos nos postos de monitores/as de especialidade e titor/a.

Consistirá nunha proba escrita, determinada polo grupo de traballo ou comisión de selección. Constará dun cuestionario de 20 preguntas, sobre a temática recollida nas bases, con catro opcións de resposta, nun prazo máximo de 45 minutos. Cada resposta correcta sumará 3 puntos nos exames que teñen unha puntuación máxima de 60 puntos e 3,5 puntos nos exames que teñen unha puntuación máxima de 70 puntos e cada resposta incorrecta restará 1 punto. As non contestadas no contarán.

Engadiranse a estas 20 preguntas, 4 de reserva para o caso de que existise algún erro e fose preciso anular algunha das 20.

Fase de méritos:

Unha vez publicados os resultados das probas de fase de oposición, valoraranse os méritos segundo as bases aprobadas polo Decreto da Alcaldía, no podendo superar a puntuación un máximo de 40 puntos nos postos de director/a e auxiliar técnico administrativo/a e 50 puntos nos postos de monitores/as de especialidade e titor/a.

Lugar de exposición das bases reguladoras e da presente convocatoria:

As bases reguladoras están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Cerceda, do Concello de Tordoia e o Concello de Trazo, nas sedes electrónicas e nos sitios web www.cerceda.org, www.tordoia.gal e www.concellodetrazo.gal."

Juan Manuel Rodríguez García

Alcalde- Presidente do Concello de Cerceda